

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

20481 Orde ARM/3554/2011, do 21 de decembro, pola que se modifica a Orde do 23 de maio de 1986, pola que se aproba o Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro.

Pola Orde do 26 de decembro de 2001 traspúxose ao ordenamento xurídico español a Directiva 2001/64/CE do Consello, do 31 de agosto de 2001, pola que se modificaban as directivas 66/401/CEE do Consello, do 14 de xuño de 1966, relativa á comercialización das sementes de plantas forraxeiras e 66/402/CEE do Consello, do 14 de xuño de 1966, relativa á comercialización das sementes de cereais, que permitía aos Estados membros autorizar a comercialización de sementes a granel destinadas ao consumidor final, sempre e cando se cumprisen determinadas condicións. A experiencia adquirida nestes anos, así como a incorporación pola Orde APA/3602/2005, do 17 de novembro, da Directiva 2004/117/CE do Consello, do 22 de decembro de 2004, pola que se modifican as directivas 66/401/CEE, 66/402/CEE, 2002/54/CE, 2002/55/CE e 2002/57/CE no relativo aos exames realizados baixo supervisión oficial e á equivalencia das sementes producidas en países terceiros, aconsellan modificar o Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, aprobado pola Orde do 23 de maio de 1986, con obxecto de facilitar o control da comercialización das citadas sementes a granel, posibilitando a realización de exames baixo supervisión oficial neste tipo de sementes.

A Orde do 26 de decembro de 2001 no seu artigo 1 modificaba o Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro do 23 de maio de 1986, en concreto o número 40, e introducía un novo número, o 40 bis, que é o que se modifica nesta orde.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación da Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, do 23 de maio de 1986, pola que se aproba o Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro.*

Modifícase o Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, aprobado pola Orde do 23 de maio de 1986, nos termos seguintes:

Un. As definicións recollidas no número 5 do anexo único modifícanse como segue:

«Lote de sementes: cantidade determinada de sementes dunha mesma especie ou variedade e categoría, que se encontra física e perfectamente identificable, e que procede:

Dunha mesma parcela, se se trata de semente base.

Dunha ou varias parcelas da mesma zona, cando así o estableza o correspondente regulamento técnico específico, sementadas con semente procedente da mesma orixe, se se trata de sementes doutras categorías.»

Dous. Engádense as seguintes definicións no número 5 do anexo único:

«Partida: en comercialización a granel, é a cantidade total de semente dunha mesma variedade, debidamente identificable nun único recipiente ou lugar de

confinamento, procedente dunha ou varias parcelas de multiplicación que fosen controladas e admitidas para a produción de sementes pola correspondente autoridade competente e que será distribuída e certificada por lotes no momento da entrega ao consumidor final. A cantidade máxima de cada partida non poderá superar as 300 toneladas métricas.

Consumidor final: en comercialización a granel, é o agricultor individual, así como quen explote directamente superficies agrícolas, segundo resulte da declaración única, ou relación contractual que o vincule con aquelas e sempre que sexa o último destinatario da semente.»

Tres. O primeiro parágrafo do número 40 letra b) do anexo único substitúese polo seguinte texto:

«b) A comercialización directa ao consumidor final de sementes certificadas a granel de segunda reprodución, contidas en grandes envases ou recipientes, efectuarana produtores autorizados, axustándose á Directiva 2001/64/CE do Consello, do 31 de agosto de 2001, que permite autorizar a comercialización de sementes a granel destinadas ao consumidor final, sempre que se cumpran determinadas condicións e, de ser o caso, ás disposicións que estableza a Unión Europea.»

Catro. O número 40 bis do anexo único substitúese polo seguinte texto:

«40 bis. No caso de que os produtores de sementes autorizados desexen facer uso da excepción establecida na letra b) do punto anterior, deberán cumprir o seguinte:

a) Anualmente e con, polo menos, dez días de antelación ao inicio das actividades de recepción e procesamento das sementes, comunicarán aos servizos oficiais das comunidades autónomas onde radiquen as instalacións en que se ten previsto desenvolver os traballos de acondicionamento, almacenamento e comercialización a granel de sementes certificadas, o seu desexo de comercializar a semente baixo este sistema de comercialización, xunto a unha memoria descritiva que conteña, polo menos, o recollido no anexo VII deste regulamento.

A comunicación, por parte das autoridades competentes, do resultado de todas as comprobacións realizarase no prazo máximo de dez días desde o final das comprobacións, e establecerase o sistema autorizado e o plan de traballo correspondente, que será diferente segundo se autorice que a certificación destas sementes se realice de maneira oficial ou baixo supervisión oficial. Ademais, fixarase un método para realizar o control oficial mínimo do 5 por cento dos lotes, distribuídos ao consumidor final, en caso de certificación baixo supervisión oficial e do 100 % dos lotes en caso de certificación oficial.

A entidade non poderá distribuír semente a granel ao agricultor final desde instalacións diferentes ás autorizadas.

b) A entidade que fose autorizada para a comercialización a granel directamente ao consumidor de sementes certificadas, de acordo co establecido no punto anterior, comunicará aos servizos competentes da comunidade autónoma a constitución das partidas de sementes, indicando: especie, variedade, categoría, cantidade estimada, tipo de recipiente e/ou lugar de confinamento, número de identificación de cada partida, xunto cos resultados das análises pertinentes realizadas por persoal e laboratorio acreditados, de todas as mostras que se tomaron no proceso de constitución da partida, e que incluírán como mínimo a porcentaxe de pureza específica, a porcentaxe de xerminación e a determinación doutras sementes en número (análise de contaxe), de acordo co establecido nos regulamentos técnicos específicos.

c) A autoridade competente da comunidade autónoma, unha vez recibida a comunicación e comprobado que se cumpriron os requisitos do proceso de

produción da semente, que os datos achegados polo produtor sobre os resultados das análises citadas no parágrafo anterior, realizadas baixo supervisión oficial, cumpren os requisitos mínimos exixidos nos regulamentos técnicos e, en xeral, que todo o proceso se realizou de acordo coas normas establecidas, procederá á autorización para a comercialización a granel da semente de cada unha das partidas, en lotes individualizados directamente ao consumidor final, de maneira oficial ou baixo supervisión oficial. O produtor que desexe comercializar unha partida de semente ou parte dela noutra comunidade autónoma deberá solicitar o traslado do aforo correspondente.

d) Cada entrega de semente ao consumidor final realizada obrigatoriamente nas propias instalacións onde se encontra a partida cuxa comercialización a granel foi autorizada de acordo co punto anterior, será considerada un lote e deberá estar perfectamente e fisicamente identificable cun número, baixo a responsabilidade do produtor no momento da expedición. Este número estará composto polo número da partida orixinal, ao cal se engadirán letras ou números correlativos, correspondentes ás sucesivas entregas. Cada lote non poderá superar en peso o máximo permitido para a especie nos regulamentos técnicos específicos.

O recipiente utilizado para conter cada unha destas entregas de sementes deberase pechar despois de enchelo e etiquetar de acordo co establecido no número 22 deste regulamento.

Non obstante o anterior, a etiqueta poderá ser substituída polo albará do proveedor, sempre que conteña os datos relativos ás etiquetas exixidos no número 22 deste regulamento. As operacións de precintaxe e toma de mostras reflectiranse en actas oficiais conforme o número 24.

e) De cada un dos lotes tomará unha mostra representativa persoal acreditado, e no momento en que se proceda a encher o recipiente que o contén, seguindo as normas internacionais en vigor. Esa mostra dividirse en tres exemplares homoxéneos mediante un divisor de mostras, dos que un se entregará ao consumidor final e os restantes quedarán depositados na entidade, poñendo un deles á disposición dos servizos competentes da comunidade autónoma. O tamaño destas mostras será como mínimo o establecido nos regulamentos técnicos específicos.

O produtor autorizado será responsable de que as sementes comercializadas por este sistema cumpran os requisitos establecidos no correspondente regulamento técnico específico para esa especie e categoría de sementes.

f) Ao realizar cada entrega ao consumidor final, o produtor expedirá un albará por triplicado, en que conste, polo menos, a información seguinte: número de identificación da partida orixinal, número do lote asignado á entrega ao consumidor final, especie, variedade, categoría, mes e ano da precintaxe oficial ou baixo supervisión oficial, cantidade retirada e, en caso de ter sido tratada a semente, indicación da materia activa utilizada, a súa proporción e a súa posible toxicidade.

Este albará deberá ser asinado polo produtor de semente autorizado e polo consumidor final, ou persoa que os represente, e deberase pór á disposición dos servizos oficiais da comunidade autónoma o terceiro exemplar deste, de acordo co procedemento que esta estableza. En todo caso, ao final da campaña, a entidade comunicará aos servizos oficiais da súa comunidade autónoma a totalidade das cantidades de semente comercializada a granel especificando, especie, variedade, categoría, cantidades por partidas, lotes e entregas, destinos e remanentes se os houber.

O produtor autorizado deberá reflectir no rexistro de entradas e saídas regulamentario previsto no número 42 deste regulamento, de forma individualizada, as partidas de sementes autorizadas oficialmente destinadas a este tipo de comercialización e as cantidades retiradas polos consumidores finais, cos números dos lotes correspondentes, conservando as copias dos correspondentes albarás e facturas expedidos.

De ser o caso, se así o autoriza a autoridade competente, o arquivo ordenado das copias dos albarás e das facturas pode substituír a inscrición no rexistro de entradas e saídas antes aludida.

O produtor autorizado poderá detraer mercadoría dunha partida autorizada, para o seu envasamento en sacos, logo de solicitude aos servizos competentes da comunidade autónoma e cumprindo coa normativa para o efecto.

g) As comunidades autónomas remitirán ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, ao final de cada campaña, a relación das cantidades de semente comercializada a granel, por especies, variedades e produtores. Así mesmo, enviarán as mostras de semente representativas dos diferentes lotes e partidas de sementes así comercializadas, que a ese departamento lle interesen, para a súa posible inclusión nos ensaios comparativos previstos pola Unión Europea.»

Cinco. Engádese o seguinte anexo detrás do anexo VI, ao final do regulamento:

«ANEXO VII

Descrición do sistema de comercialización a granel

A memoria descritiva do sistema de comercialización a granel, que os produtores de sementes autorizados deben presentar ante os servizos oficiais das comunidades autónomas, conterà como mínimo o seguinte:

Situación das instalacións en que está previsto almacenar as diferentes partidas de semente e desde as cales se realizarán as entregas de semente a granel directamente ao consumidor final. Estas instalacións poderán ser diferentes daquelas en que se realiza o acondicionamento da semente e deberán estar, en calquera caso, á disposición e baixo a responsabilidade do produtor.

O tipo de recipiente ou lugar de confinamento que se vaia utilizar para almacenar as partidas de sementes nas citadas instalacións. Indicarase explicitamente o sistema que se vai adoptar para garantir que as partidas de sementes están claramente individualizadas, separadas fisicamente e identificadas, para evitar en todo momento as mesturas de sementes das diferentes partidas.

A descrición do sistema de toma de mostras a medida que se constitúen as partidas de sementes almacenadas. A cantidade representada por cada mostra non poderá superar o tamaño máximo prescrito polas normas ISTA, e utilizarase un sistema fiable e preciso. Todo isto destinado a coñecer se a partida cumpre cos requisitos mínimos exixidos para estas sementes no correspondente regulamento técnico específico, antes da autorización para a venda a granel.

No caso de que a entidade produtora dispoña de persoal autorizado para realizar a toma de mostras ou as análises de laboratorio baixo supervisión oficial, terá que indicar os nomes das persoas e dos laboratorios propios; no caso de que as entidades non dispoñan de persoal autorizado para a toma de mostras ou as análises de laboratorio, deberán indicar o nome das persoas físicas ou empresas con que contratase servizos e que van realizar estes traballos, que deberán ser independentes e estar acreditadas para realizar os traballos.

Así mesmo, deberá especificar o método ou plan de traballo que establece para poder realizar o control oficial mínimo do 5 por cento dos lotes que se comercialicen, previsto nos números 23, letra e), e 24, letra h) deste regulamento, para a toma de mostras e análises de laboratorio baixo supervisión oficial.

A descrición do sistema de manipulación da semente, que deberá garantir o cumprimento das normas sobre seguridade e saúde no traballo.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, polo que se lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 21 de decembro de 2011.—A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, Rosa Aguilar Rivero.